

**VI. O MARCO JURÍDICO.
COMENTARIOS AO TEXTO
ARTICULADO**

Na Lei de Orzamentos Xerais de Galicia para o ano 2007, coma en todas as desa índole, pódense distinguir dous compoñentes claramente diferenciados: o texto articulado e os estados numéricos. No texto articulado aparecen recollidas as previsións de ingresos, as autorizacións de gastos, e unha serie de normas de diversa natureza, que constitúen no seu conxunto o marco xurídico que disciplina especificamente a actividade económico financeira da Comunidade Autónoma para o actual exercicio orzamentario. Dentro dese marco, mantéñense as normas procedentes de exercicios anteriores que non viron alteradas as razóns que motivaron a súa inclusión inicial, e introdúcense outra serie de normas que se consideran necesarias para unha mellor xestión dos recursos e dos créditos orzamentarios, posibilitando unha actuación máis eficaz e eficiente nun contexto de máximo control sobre o gasto público

O texto articulado da Lei divídese en 6 títulos, con 55 artigos, 11 disposicións adicionais, 3 disposicións transitorias e 3 disposicións derradeiras.

No Título I, “Aprobación dos orzamentos e réxime das modificacións orzamentarias”, introdúcense unha serie de modificacións entre as que poderían destacarse, entre outras, as seguintes: a nova clasificación funcional do gasto, que persegue conseguir unha agregación máis coherente e identificar de forma máis clara a finalidade á que serven os diferentes programas de actuación; dentro da xestión orzamentaria, a flexibilización dalgunha das restricións que afectan as modificacións de crédito en casos moi concretos, como pode ser o da cofinanciación de incorporacións correspondentes a financiamento condicionado, ou o de facer posible o cumprimento de sentenzas xudiciais firmes que afectan ao gasto de persoal, ou tamén, baixo outro aspecto, o de dar cobertura mediante a ampliación de crédito aos gastos electorais que se produzan con motivo dunha eventual modificación do Estatuto de Autonomía de Galicia.

No Título II, dedicado aos gastos de persoal, establécense os incrementos retributivos aplicables no ano 2007 ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma, que se fixan, con carácter xeral, nun 2 % respecto ao exercicio anterior. Así mesmo hai que destacar a consolidación do 100 % do complemento de destino nas pagas extraordinarias, e o incremento adicional da masa salarial, nun 1 %, con destino ao aumento progresivo do complemento específico. Todas esas medidas forman parte das bases de planificación da actividade económica en materia de persoal ao servizo do sector público, recollidas na Lei de Orzamentos do Estado.

Dentro do Título III, destinado ás operacións de endebedamento e garantía, merecen destacarse as novidades seguintes. Tendo en conta os compromisos adquiridos pola Comunidade Autónoma, no marco do Plan económico financeiro 2004-2007, establécese con carácter xeral que non se incrementará a posición neta debedora da Comunidade durante o exercicio 2007, agás para o endebedamento de 85,2 millóns de euros destinado á realización de investimentos produtivos, incluídos os destinados a investigación, desenvolvemento e innovación, conforme ao previsto na Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, segundo redacción dada pola Lei 15/2006, do 26 de maio, e para e para o endebedamento por importe de 8,7 millóns de euros destinado a financiar a adquisición de activos financeiros que teñan a rendabilidade económica necesaria para poder ser considerados como tales en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, con destino a suxeitos non comprendidos no punto 1.c) do artigo 2 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria. Así mesmo destaca a autorización de endebedamento a prol da Comunidade Autónoma, coa finalidade de amortizar polo mesmo importe, por motivos de optimización da carga financeira global, o endebedamento de toda clase de entes que conforme a normativa de estabilidade orzamentaria consoliden o seu endebedamento con aquela. Por outro lado, facúltase ao conselleiro de Economía e Facenda para formalizar todas as operacións de endebedamento autorizadas pola Lei de orzamentos, así

como para converter ou renegociar operacións de endebedamento xa formalizadas, co obxecto de mellorar a xestión do servizo da débeda da Comunidade.

No Título IV, relativo á xestión orzamentaria, as novidades mais salientables refírense á actualización dos módulos económicos de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados, e ao aumento da porcentaxe, que pasa desde o 70 a o 80%, das transferencias a conta a prol da Consellería de Cultura e Deporte, no que atinxe aos créditos de investimentos afectados á realización de traballos de dotación artística.

No Título V, “Corporacións locais”, recóllese de forma expresa o importe das transferencias que lles corresponden tanto pola súa participación nos tributos do Estado como das percibidas a través doutros instrumentos de cooperación económica. Dentro destas últimas, no Fondo de Cooperación Local, instrumento de participación específico das corporacións locais nos tributos da Comunidade Autónoma, establécense as novas porcentaxes de participación dos concellos nos ingresos dos capítulos I, II e III da Administración Xeral, incrementándose ademais en seis millóns de euros o fondo complementario, indicándose finalmente que continuarán aplicándose os criterios de reparto dos diferentes fondos utilizados no anterior exercicio en tanto non sexan modificados pola Comisión Galega de Cooperación Local.

No Título VI, referente ás normas tributarias, establécense unha serie de medidas que afectan tanto aos tributos propios como aos cedidos. Nos tributos propios actualízanse os tipos das taxas de contía fixa e modifícanse algunhas de contía variable. En canto aos tributos cedidos, en exercicio das competencias atribuídas pola Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, e con arreglo ao disposto na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común, establécense as seguintes medidas: no imposto

sobre a renda das persoas físicas, coa finalidade de fomentar o autoemprego, créase unha dedución na cota autonómica de 300 €, a prol dos homes de menos de 35 anos e das mulleres, calquera que sexa a súa idade, que causen alta por primeira vez no censo de empresarios profesionais; no imposto sobre sucesións e doazóns, e co obxecto de favorecer o acceso a vivenda, establécese unha redución do 95% da base imponible nas doazóns monetarias realizadas a prol de fillos e descendentes, menores de 35 anos, coa finalidade de adquirir a súa primeira vivenda habitual; no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na modalidade de transmisións onerosas, establécese un tipo reducido do 4%, nas adquisicións de vivendas por persoas cunha minusvalía igual ou superior ao 65%, e por último, na taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, defláctanse as tarifas aplicables nos casinos de xogo e actualízanse as cotas anuais aplicables nos supostos de explotación de máquinas ou aparellos automáticos.

Finalmente, no que atinxe as disposicións adicionais da lei, adóptanse unha serie de medidas de distinta natureza ou finalidade, entre as que cabe resaltar: a esixencia nos expedientes de constitución de sociedades mercantís dunha memoria explicativa sobre os obxectivos perseguidos coa súa creación e sobre a súa viabilidade económica, así como calquera outro aspecto que se considere relevante para a súa constitución; a consolidación do Plan de Reequilibrio Territorial creado no ano anterior, que aparece dotado no actual exercicio con 225 millóns de euros e que será obxecto dun programa de actuacións plurianuais que se estenderán ata o ano 2010; a continuidade das prestacións familiares por coidado de fillos menores establecidas no ano anterior; o incremento da Renda de integración social de Galicia ca eliminación do período transitorio que afectaba ao subsidio básico e o complemento variable da mesma; e por último, o establecemento de axudas a persoas con hemofilia ou coagulopatías conxénitas, afectados polos VHC.